



Un novizo danzante de Attis e Cibeles no supremo acto de emasculación en honra da *Magna Mater*, outras pezas máis e algunhas notas sobre Santalla de Bóveda

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sumario

Neste traballo estúdiáanse tres pezas da Colección Seoane do Museo das Mariñas, ligadas ó culto de Cibeles e Attis, sobre todo un exvoto que representa un novizo danzante no acto de autoemasculación en honra da deusa. E, con tal motivo, faise un percorrido por esta relixión a través do seu festival chamado *Megalesia* ou *Attideia* e alúdese ó templo de Santalla de Bóveda en Galicia, dedicado en época romana a Cibeles e Attis.

Abstract

In this work we study three pieces from the Seoane Collection in the Museo das Mariñas, linked to the cult of Cibeles and Attis, especially a votive offering that is a novice in the act of self-castration in honor of the goddess. It becomes a tour of this religion through its festival called *Megalesia* or *Attideia* and alludes to the Temple of Santalla de Bóveda in Galicia, dedicated to this religion in Roman time.

A medida que Roma entraba en contacto con Grecia, Oriente e o Norte de África, as relixións mistericas procedentes dese mundo penetraban tamén en Roma, con todo o que iso supuxo. E isto ocorre fundamentalmente desde os séculos III e II aC, abarcando tódolos aspectos da vida: políticos, sociais, artísticos, etc.

Nos misterios das distintas relixións facíase unha teatralización soamente para os adeptos, que tiña a misión de mover o seu ánimo desde a anguria máis fonda, con aparicións terroríficas e outras truculencias, ata a ledicia máis absoluta; desde as tebras á luz: por iso era común a utilización de covas. Os distintos rituais nos que os adeptos participaban directamente, experimentando un proceso iniciático, eran un camiño de descubrimento persoal a través de escenas metafóricas (misterios) que debían alumar a conciencia. Os misterios, por conseguinte, non se explican, senón que se experimentan, con tódolos riscos que iso leva consigo, porque o aspirante a ser admitido como membro dunha destas relixións tiña que pasar unha serie de probas difíciles e anguriosas que, xunto con informacións intelectuais e, sobre todo, emocionais, deberían levar a identificarse coa deidade.

Estas relixións parecen ter a súa lonxana orixe no Neolítico e moi especialmente no antigo Exipto cos deuses Isis, Osiris, Serapis e Anubis. Isis e Osiris deron lugar ós misterios órficos, eleusinos e samotrácicos. En Grecia, xa no s. VII aC se documentan os misterios de

* **Alfredo Erias Martínez** é licenciado en Xeografía e Historia e doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquivado-bibliotecario municipal de Betanzos. <<http://anuariobrigantino.betanzos.net>>, <<http://hemeroteca.betanzos.net>>, <<http://archivomunicipal.betanzos.net>>, <<http://www.alfredoerias.com>>



Fig. 1.- Pedra Negra sobre o altar de Pesinunte, principal santuario de Cibeles en Anatolia.



Fig. 2.- «Pietra elagabalium» (moeda de Emesa) no templo do Palatino en Roma.



Fig. 3.- Cibeles chega en barca desde Pesinunte a Roma. Museo Antiquarium Ostiense.

Eleusis, arredor de Deméter e Perséfone. Outros cultos que entran nesta categoría son os de Dionisos e as bacantes, ademais dos de Core e Triptolemo. O culto a Dionisos, asimilado a Baco, penetrará en Roma pouco antes do 186 aC, ano no que será prohibido polos seus excesos, para volver de novo á luz pública en época de César. Nos misterios báquicos o acto culminante dos rituais consistía en descubrir a criba sagrada e o seu contido: o falo e o ovo místico.

O éxito destas relixións en Grecia despois da morte de Alexandre é debido a que o adepto participa directamente nos ritos místicos e nos conseguíntes secretos que levan ás promesas de protección e felicidade de corpo e alma nunha vida ultraterrena. E neste proceso tamén entraron Hermes Trismegisto e Asclepio (de orixe exipcia, pero helenizados) e as deidades frixias, Cibeles, Attis, Sabacio e Mitra. A expansión destes cultos partirá de Grecia e chegará a todo o imperio romano, aínda que Augusto o intentara evitar, con evidente pouco éxito.

É certo que os romanos, en principio, rexeitaron estas relixións místicas estranxeiras que denominaban *superstitio*, por considerar que deshonoraban a *religio* tradicional dos seus antepasados. Por iso os mellores propagadores foron os escravos, os militares e os mercadores, reforzando este proceso a caridade mutua e a axuda ós iniciados, sen esquecer o papel protagónico e engaiolante da música e da danza nos seus rituais públicos. Outro aspecto que favoreceu esta propagación foi o sincretismo, polo que se asimilaba unha deidade estranxeira a outra local. E cando a popularidade destes cultos era evidente, os políticos de finais da República tamén se sumaron ó proceso, edificando templos, como foi o caso de Marco Antonio, Augusto e Lépido, que os adicaron ós deuses exipcios Isis e Serapis. (Blázquez & García-Gelabert, 1990:139-144). Por último, na crise do s. III, pulularán en Roma tal cantidade de relixións e tendencias filosóficas que a xente participará ó mesmo tempo en moitas delas, non sendo estraño que nun epitafio aparezan unidas expresións como estas: «sacerdote de Isis», «pontífice del Sol», «hierocerix de Mitra», «hierofante de Hécate» e «archibúcolo de Liber» (Seston, 1985).

CIBELES

No 204 aC., en plena Segunda Guerra Púnica, e seguindo unha profecía dos libros sibilinos e mesmo do Oráculo de Delfos, que dicía que serían expulsados de Italia os cartaxineses de Aníbal cando se trouxera a Roma a gran Deusa Nai, Cibeles, os romanos enviaron unha comitiva a Pessinus co obxectivo de traer o pequeno betilo cúbico e negro (a «Pedra Negra» sagrada chamada *Kubele*), un meteorito identificado con Cibeles (que



Fig. 4.- Pátera (recipiente sagrado para libacións, xeralmente con viño) de prata de Parabiago (s. IV dC, época do emperador Xuliano) na que vemos simboloxía asociada ó culto de Cibeles e Attis. En carro de prata, tirado por leóns, Cibeles e Attis. Arrodeándoo, danzantes («galli» ou «coribantes» de Cibeles, ou «curetes» de Rhea) automutilándose. Fronte a eles, Atlas soporta a Aillón ou ó Xenio do Ano, que xira a roda das constelacións para subliñar o papel de Cibeles e Attis na preservación dos ciclos naturais de vida, morte e resurrección. Unha columna con gran serpe enrolada, sobre pedestal escalonado, quizais aluda a Pitón, filla de Gea, a Nai Terra grega, nada do barro, que quedou na terra despois do gran diluvio; pero tamén pode referirse ó deus grego Asclepio ou Esculapio (devolvía a vida ós mortos), que se representa cun báculo no que se enrola unha gran serpe: falarianos, por tanto, emblematicamente, da resurrección cíclica da vida, despois da morte invernal, que procura na primavera Cibeles e Attis.

Arriba, o Sol, Apolo (Sol Invictus), ascendendo, tirado por un carro de cabalos. Ó outro lado a Lúa, Selene, descendendo, en carro tirado por bois brancos. Anxos que aluman o camiño van diante dos dous carros. Abaixo, Océano, unha procesión dionisiaca ou báquica, as Nereidas... Trátase dunha imaxe de rexeneración cíclica coas forzas divinizadas de terra, ceo e auga en xogo. Aquí, o centro de todo está na terra, representada pola «Magna Mater», Cibeles, acompañada do imprescindible Attis. Museo Archeologico de Milano. Foto: Giovanni Dall'Orto <<https://commons.wikimedia.org>>

tomou del o nome), deusa de raíz indoeuropea, honrada en boa parte do mundo antigo. E precisamente, o centro do seu culto estaba no Monte Dindymon, en Pessinus ou Pesinunte (Galatia, Anatolia), lugar onde caera o meteorito. Cinco quinquerremes escoltaron a deusa-pedra na súa viaxe a Roma (figs. 1-3) e desa viaxe cóntanse varios prodixios. En principio ubicouse no templo da Vitoria, pero máis tarde pasou ó seu propio templo no Palatino, consagrado o 9 de abril de 191 aC (Tito Livio 29,10, 4-11, 8 e Ovidio, *Fast.* 4, 247-328).

Con Cibeles tamén chegou o culto de Attis e, con el, os sacerdotes chamados galos, *galli*, ou coribantes, literalmente ‘eunucos’, que foron confinados no recinto sagrado, posto que ós romanos non lles gustaban as mutilacións corporais, como tampouco ós gregos. Para Frazer os sacerdotes eunucos personificaban amantes divinos (como divino era o seu modelo Attis) que debían encherse de enerxía vivificadora que transmitirían á deusa para rexenerar a vida. Eran parecidos ós *galloi* da deusa Artemisa no seu templo de Éfeso ou ós sacerdotes de Atargatis (‘a Nai’), nome composto de Astarté e Anat, que se documenta en Palmira, Dura Europos, Ascalón e Mesopotamia. Os *galli* procedían de Asia Menor e ata o s. I os romanos non podían acceder a este sacerdocio, pero o emperador Claudio levantou a prohibición. Moito máis tarde, a partir do edicto de Tesalónica de Teodosio, do 380, serían perseguidos xunto cos sacerdotes doutras deidades, e os seus templos, escritos e demais foron destruídos:

*... creemos en la divinidad única del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo bajo el concepto de igual majestad y de la piadosa Trinidad. Ordenamos que tengan el nombre de cristianos católicos quienes sigan esta norma, mientras que los demás los juzgamos **dementes y locos** sobre los que pesará la infamia de la **herejía**. Sus lugares de reunión no recibirán el nombre de iglesias y serán objeto, primero de la **venganza divina**, y después serán **castigados por nuestra propia iniciativa que adoptaremos siguiendo la voluntad celestial** (edicto de Teodosio, 380).*

A relixión da Nai Idea-Rhea-Cibeles (identificada tamén con Gaia ou Gea, Ops, Ceres, Deméter...), como integrante do conxunto de relixións mistéricas, constituíu unha renovación relixiosa para un novo tempo político. Os decemviro recomendaron este culto por tres razóns: 1) relixiosas, para obter a protección dunha gran deusa, a *Magna Mater*, nai dos deuses; 2) políticas, porque consideraban á deusa un complemento esencial para a diplomacia senatorial; e 3) raciais, por proceder de Asia Menor, onde se ubicaba a mítica Troia, da que o pobo romano se consideraba herdeiro (Grailot, 1912: 43-44).

antes de finalizar la república, los romanos estaban familiarizados con los emasculados sacerdotes de Atis, los Galli. Estos seres epicenos [a caballo entre uno y otro sexo], con sus trajes orientales y con sus dijes de imagerie sobre el pecho, eran vistos con frecuencia, al parecer, por las calles de Roma, que recorrían en procesión con la imagen de la diosa y cantando sus himnos al son de tambores y platillos, cuernos y flautas, mientras el público, impresionado por el espectáculo fantástico y excitado por el salvaje estrépito, les daba abundantes limosnas y anegaba a la diosa y a sus portadores bajo una lluvia de rosas (Frazer, 1890/1998: 403-404).

Cibeles personificaba a Natureza, a fertilidade da terra, as plantas e os animais («Señora dos Animais»), especialmente dos leóns e das abellas), sendo tamén deusa das cavernas e das minas, das montañas, das murallas e fortalezas. Ela amosou ós homes a maneira de traballar os metais. É a única deusa que existe por si mesma, pois non ten nai, ó ser ela a Gran Nai. Represéntase con roupas frixias e coroa mural, portando as chaves que abren

tódalas portas de acceso ás riquezas terrestres. En ocasións vai nun carro como símbolo de superioridade sobre tódolos seres, incluídos os leóns, que tiran do carro e que noutros casos flanquean o trono da deusa. Segundo Ovidio nas *Metamorfosis* (X, 570-704), Hipómenes (ou Melanión) competiu con Atalanta nunha carreira pola man desta. Hipómenes tirou ó chan unhas mazás de ouro que distraeron a Atalanta e por iso perdeu. A partir de aí únense os amantes no recinto sagrado de Cibeles, pero esta castígoos convertíndoos en leóns que terían que tirar eternamente do seu carro.

O período máis esplendoroso desta relixión empeza con Augusto, chegando en pouco tempo a destronar á maior parte dos deuses romanos. Domiciano, Traxano, Adriano e Diocleciano dedicaron numerosos templos e aras a esta deusa, pero Antonino Pío, Cómodo e Heliogábalo foron especialmente entusiastas ata o punto de que este último chega a exercer de *arcigallus* nos misterios da deusa, faise chamar como ela e paséase por Roma nun carro de prata tirado por dous leóns.




Fig. 5.- Cibeles da Carlsberg Glyptotek de Copenhague.
<commons.wikimedia.org>

ATTIS

Di Frazer (1890/1998: 402-409) que Attis (ou Córibas) era un deus da vexetación que nacía, morría e resucitaba tódolos anos, dentro do contexto cultural de Asia Menor. É moi similar ó sirio Adonis, co que se confunde ás veces. Nas súas festas de primavera chorábase a súa morte e celebrábase despois a súa resurrección.

Un dos seus relatos míticos figúroo como un pastor moi fermoso, amado por Cibeles, aparecendo unhas veces como fillo e outras como amante da deusa. O seu nacemento foi milagroso. Segundo di Pausanias, nunha ocasión Zeus enxendrou sen darse conta na Terra un ser sobrehumano, que era á vez home e muller (hermafrodita, símbolo da totalidade), moi violento (propio dos seres naturais) e foi chamado Agdistis. Noutras versións había una roca, chamada “Agdo”, na que a *Magna Mater* dormía; Zeus impregnando á *Magna Mater*, deu a luz a Agdistis, un xenio de forma humana, pero con ambos sexos. Como sementaba o terror entre homes e deuses, estes cortáronlle os membros sexuais (despois de converter Baco a auga do manancial onde bebía, en viño) e do seu sangue naceu unha amendoeira que daba améndoas exquisitas ou un granado (símbolos de fertilidade). Hai que ter en conta que na cosmogonía frixia a amendoeira é a nai de tódalas cousas, quizais, como di Frazer, por ser as súas flores rosadas as primeiras da primavera, aparecendo nas ramas antes que as follas. Nana colleu unha destas améndoas... e púxoas no seu cólo, quedando así preñada de Attis, que foi abandonado e criado co leite dun «macho cabrío» (Ruíz, 1996: 96). Nalgún relato Attis nace directamente da améndoas. E noutra versión, Nana pon no cólo unha granada que nacera dos xenitais mutilados de Agdistis e a partir dela xurdirá o deus.

Hai dous mitos para a morte de Attis. O primeiro di que foi matado por un porco bravo, como Adonis; lembremos con Frazer que cando un deus é matado por un animal, foi antes



Fig. 6.- *Attis moribundo debaixo dun pino, s. II. Museo Ostiense (Ostia Antica). Foto: Sailko.*

<commons.wikimedia.org>

ese animal (o porco bravo é fecundador mítico por excelencia), un paso que se dá desde o Paleolítico (forma animal) ó Neolítico (forma antropomorfa). O segundo (asumido en Pessinos e contado por Ovidio, *Fastos*, lib. IV) relata que morreu desangrado ó cortarse o pene debaixo dun pino, converténdose logo o deus tamén nun pino.

... La leyenda de Atis es compleja. Según la versión de Ovidio en los Fastos, Cibeles enamorada del adolescente, le hace prometer conservar para ella su virginidad. Pero el joven falta a su promesa al entablar una relación con una ninfa del río Sangario. La diosa se venga haciéndole víctima de una crisis de locura por la que Atis, enloquecido, se automutila... (Ruíz, 1996: 96).

Hay outras lendas de Attis. Nunha delas o hermafrodita Agdistis enamórase del e acompáño de caza, pero Attis será pronto destinado a casar coa filla do rei, provocando así a ira de Agdistis, quen fai acto de presenza o día das nupcias, enloquecendo coa súa música a tódolos presentes e tamén a Attis, o que provoca que este se emasculé á beira dun pino e morra. Arrepentido, Agdistis pide a Zeus que o resucite, pero este fai soamente que o seu corpo sexa incorruptible e que o dedo meñique se mova.

Segundo o poeta elexíaco Hermesianacte, que resume Pausanias, Attis, fillo do frixio Calao e estéril de nacemento, funda en Lidia os misterios da Gran Nai. Zeus, enfadado, envía a Lidia un gran porco bravo que o mata. É esta unha variante da historia de Attis, fillo do rei Cresos de Lidia, que conta Herodoto. E aínda non rematan aí as súas lendas (Ruíz, 1996: 96).

O FESTIVAL DE CIBELES E ATTIS (MEGALESIA OU ATTIDEIA) EN ÉPOCA IMPERIAL

Culto e sacrificio eran os piares sobre os que se asentaban as festas dos deuses e deusas en Roma, que se desenrolaban a través de procesións, de oracións e de actos sacrificiais que tiñan como misión aplacar as forzas divinas. Da súa efectiva realización dependía a sempre ameazada harmonía entre os humanos e os deuses e que fosen espantadas as enfermidades, as derrotas nas batallas, a mala sorte, os malos espíritos (o sempre temido mal de ollo e outros), as catástrofes naturais, etc. Por iso, as novas relixións mistéricas tenderon a unha gran esaxeración en tódolos actos destes procesos festivos, esaxeración que sen dúbida estaba tamén alimentada polo sentimento de competitividade entre uns e outros fieis das distintas deidades (algo que aínda hoxe se pode palpar entre as confrarías da Semana Santa de certas cidades españolas, por exemplo). Neste senso, o festival de Cibeles e Attis, chamado *Megalesia*, *Megalensia*, *Megalenses Ludi* ou *Attideia*, é un dos exemplos máis emblemáticos e extremos que se podían vivir nas rúas de Roma e en calquera parte do imperio. E, sen dúbida, a vella *Gallaecia* no *finisterrae* daquel mundo, tampouco estivo exenta destas manifestacións, que se mesturaron dalgún xeito coas herdadas da cultura celta e, máis tarde, coas novas que trouxo o cristianismo.

O mes de marzo (arredor do *aequinocium* de primavera) estaba dedicado á *Magna Mater*, que recibía distintos nomes segundo o lugar de celebración, pero que comunmente coñecemos por Cibeles. Pero hai que ter presente que marzo (*Martius*: mes de Marte, deus da guerra e pai de Rómulo e Remo, fundadores míticos de Roma) era o primeiro mes do ano antes do calendario xuliano, implantado por Xulio César no 46 aC, un deus ó que se adicaba, en momentos públicos ou privados importantes, a *suovetaurilia*, sacrificio de tres animais machos, un cocho (*sus*), un cordeiro (*ovis*) e un touro (*taurus*), co obxecto de purificar a terra (*lustratio*). Pois ben, este ritual terá tamén un eco no festival de Cibeles e Attis a través do *taurobolium* (sacrificio dun touro) que, por outra parte, tamén tiña paralelos nos cultos de Mitra e noutros máis.



Fig. 7.- Attis emasculado e morto. Relevo atopado en Saint-Bertrand-de-Comminges. Musée Archéologique Départemental de la Haute-Garonne.

15 DE MARZO. A «**Cerimonia das canaveiras**» (*Canna intrat*) iniciaba o ciclo festivo en honra de Cibeles. Os protagonistas eran os *cannofori*, ‘portadores de canaveiras’, un grupo especial de sacerdotes (*galli*) que compoñían un colexio relixioso específico (deles hai inscricións tardías en Ostia, Milán, Sepino, Locri...). Levando nas mans canaveiras, facían unha procesión cara o templo da deusa no Palatino, con posibles significados diferentes (Cumont...): porque Attis fora abandonado no río divino Sangarios, nun berce feito de canaveiras, e logo atopado por Cibeles; porque, tan pronto se emasculou, agochouse entre este tipo de vexetación e alí o atopou desesperada a deusa; mesmo hai quen ve nas canaveiras un símbolo fálico en alusión ós falos cortados, primeiro de Attis e logo, por imitación, dos seus sacerdotes... Segundo crenzas populares, parece que esta cerimonia tería conexión con antigos rituais campesiños, propiciatorios da choiva.

22 DE MARZO. Ten lugar a «**Cerimonia da árbore**» (*Arbor intrat* ou morte de Attis). Os adeptos preparábanse con sete días de antelación (a partir da *Canna intrat*), mediante un xaxún rigoroso (*Castus Matris*, ‘Xaxún da Nai’) e, a continuación, unha sección dos *galli* chamada *dendrofori* (unha irmandade relixiosa, a *dendrophori magnae deum matris*, ou congregación de portadores de árbores da Deusa Nai) levaba en procesión un pino recentemente cortado, desde o bosque próximo ata o templo de Cibeles onde o trataban como un deus (Frazer, 189/1998: 404).

Este tipo de festas, portando vexetais (*dendroforia*), tivo unha gran importancia en Grecia, especialmente nas procesións en honra de Dionisos e Deméter, pero agora ese pino cortado tiña un significado místico moi concreto: representaba a Attis morto, posto que se emasculou e morreu por amor á deusa debaixo dun pino, no que se converteu. Por iso, o tronco desta árbore era amortallado con bandas de tea branca ou de la vermella, superpoñéndose **guirnaldas de violetas** (das que teremos un eco galego en Bóveda), que se supoñían brotadas do sangue do deus. No centro do tronco atábase a **estatua do neno-deus Attis** e a música fúnebre acompañaba a procesión (figs. 4-8). A importancia deste día é grande a partir do emperador Claudio, que incorpora o culto frixio da árbore sagrada á relixión oficial de Roma e con el quizais os ritos orxiásticos de Attis (Frazer, 189/1998: 404).

Probablemente relacionada con estes acontecementos relixiosos tiña lugar este mesmo día, a *Violaria*, festividade na que se levaban **violetas ós defuntos** en Roma.

23 DE MARZO. Era o día dos funerais e das lamentacións pola morte do deus Attis, que incluía un concerto fúnebre con instrumentos de vento, especialmente trompetas.

24 DE MARZO. «**Día do sangue**» (*Dies Sanguinis*). Estaba envolto no son de címbalos, redoble de tambores, trompetas, cornos, frautas e danzas frenéticas, continuando os funerais e lamentacións polo deus Attis morto. Coincía co Día de Belona (orixinaria de Capadocia que tivo presenza en Extremadura, na P. Ibérica), deusa da guerra, no que os seus fieis se autolaceraban e ferían, bebendo logo o sangue sacrificial para que a deusa lles fose propicia. Semella, por tanto, que hai un contaxio de rituais entre Belona e Cibeles, porque, ó mesmo tempo, o *arcigallus* cortaba as súas carnes con anacos de cerámica e laceraba a pel con dagas, untando o seu sangue no pino que representaba a Attis morto: deste xeito actualizaba o sacrificio de Attis co seu sangue derramado, do que xurdiran as **violetas**, simbolizando a resurrección da vida toda na primavera.

Estas accións do *arcigallus* eran imitadas polos sacerdotes, *galli* ou *coribantes*, e polos *curetes*, sacerdotes de Rhea, orixinarios de Creta (Talavera, 2004: 140 sobre un texto de Lucrecio), que danzaban freneticamente arredor da deusa, zarandeando a cabeza e tremolando o pelo ata chegar ó momento en que uns e outros se cortaban o corpo con anacos de cerámica ou se acoitelaban con navallas, dagas ou espadas para salpicar de sangue o altar e a árbore sagrada. Frazer (1890-1998: 404) cre que este rito formou parte do pranto por Attis e podía ter como fin fortalecer ó deus para a súa resurrección. Lucrecio (Talavera, 2004: 141) explica o frenético bater das armas dos curetes de dúas maneiras: como actualización dese ritual atronador no monte Dicte (Creta) para que Saturno non oíra ó neno Xúpiter; ou como aviso simbólico da deusa que chama a defender a terra patria coas armas, honrando así ós antepasados.

... Pero de ordinario se convertía en un girar vertiginosamente, gritando y chasqueando las manos, y agitando la cabeza en todos los sentidos, como algunos bailes de hoy día, mientras en su derredor resuenan las flautas, los címbalos y otros instrumentos músicos. Se hieren los brazos, se golpean con hachas y cuchillos, todo para excitarse y ponerse en trance de éxtasis; y terminan todos cubiertos de sangre, causando en la multitud que los contempla un sentimiento marcado de admiración y de horror (Séneca, Vita Beata, 27; Marcial, 11, 84, 3; Tertull. Apol. 25; Prudent. Perist. 10, 1061; Propert. 4, 7, 60-62, citados por Guillén, 1985, III: 391, nota 57).

El fanático clava el cuchillo en sus músculos y aplaca a la diosa madre con sus brazos desgarrados (Prudencio, Perist. 10, 1061-1065).

Pola súa parte, os novizos danzaban ritmicamente e autoflaxelábanse mentres se excitaban coa atronadora música, culminando coa súa autoemasculación ó cortar de maneira drástica o propio pene, utilizando un coitelo de pedernal. Lanzaban o membro á estatua de Cibeles, probablemente como gran acto sacrificial fecundador da Deusa Nai, e saían berrando de dor. Alí onde caían, a casa máis próxima tiña a obriga de coidalos. Eles serían os sacerdotes (*galli*, galos, termo equivalente a eunucos). E se a autoemasculación non levaba acompañada o corte dos testículos, isto debía ocorrer nun momento posterior, utilizando un instrumento de ferro terrorífico denominado «*morsetto da castrazione*»



Fig. 8.- No caldeiro de Gundestrup (atopado nunha turbeira de Himmerland, Dinamarca, en 1891), coa música estrepitosa dos carnyx celtas marcando os movementos, vemos con xestos de danza esta escena funeraria na que un pino, parece, é portado por guerreiros que o levan na punta das súas lanzas, para subliñar que está ferido e morto. Existe, sen dúbida, un paralelismo entre este pino e o home morto, que teñen por destino, non un pozo nin un caldeiro como se ten dito, senón unha porta de dúas follas que abre o sacerdote. Podería tratarse da estatua de Attis, asociada ó pino? ¿Podería ser a porta do templo no que a estatua do deus e o pino se introducían? Podería ser a Porta do Hades? É certo que en boa parte de Europa o culto ás árbores estaba moi estendido no mundo antigo, pero a coincidencia desta escena cos rituais de Attis e Cibeles («Arbor intrat» ou morte de Attis e «Dies Sanguinis»), cando menos ilustra unha coincidencia moi notable entre o mundo celta e o mediterráneo, naquela Europa máis interrelacionada do que poidamos pensar: non esquezamos que este caldeiro, que ás veces se relaciona coas culturas celtas de Europa Central, adoita datarse arredor do s. II e, polo tanto, en pleno auge do culto da Magna Mater e de Attis no Imperio Romano, con todo o que iso significa en favor dun fenómeno sincrético. Nationalmuseet de Copenhague. Foto: <commons.wikimedia.org>

(fig. 10). E recibían roupas e adornos de muller, imprescindibles para consagrarse como sacerdotes á deusa Cibeles.

Estos rotos instrumentos de fertilidad eran después reverentemente empaquetados y enterrados en el suelo o en las cámaras subterráneas consagradas a Cibeles, donde, lo mismo que la ofrenda de sangre, pueden haber sido considerados como eficaces para llamar a Atis a la vida y adelantar la resurrección general de la naturaleza, que en esos momentos da sus primicias de hojas y flores a la brillante luz primaveral (Frazer, 1890-1998: 404-405).

A danza e a música son unha marca permanente dos rituais festivos de Attis e Cibeles. A danza (fig.9), segundo se dicía, representaba os movementos das estrelas. E tiñan cantos compostos no metro *galliambo* (catro xónicos menores, o último cataléctico) (Guillén, 1985, III: 391).

Y mira la otra multitud, llevada en un esquife coronado, donde un aura bienaventurada acaricia las rosas del Eliseo, donde la lira melodiosa y donde los redondos címbalos de bronce de Cibeles y los plectros lidios resuenan en coros tocados con la mitra (Propertio 4,7,59-62).



Fig. 9.- Attis danzante. Musée romain d'Avenches.

Foto: Fanny Schertzer.

<commons.wikimedia.org>

Finalizado este día turbador, o pino amortallado e engalanado pechábase no soto do templo ata eliminarse ó ano seguinte. A continuación, pasábase a noite en vixilia. Pero, nalgún momento, alumaba unha luz nas tebras, a tumba do home-deus Attis abríase e este levantábase entre os mortos. Un sacerdote comunicaba en voz baixa a boa nova da resurrección nos oídos dos novizos e a ledicia ía medrando inexorable entre todos eles.

Desde logo, o dramatismo (e, con frecuencia, a traxedia) deste *Dies Sanguinis* era evidente, por máis que se xustificase como unha serie de actos imprescindibles para ese espectacular ritual de paso que convertía ós novizos en sacerdotes. Poetas, filósofos e pais da igrexa cristiá primitiva non podían deixar de facerse eco de semellantes acontecementos, que arrastraban unha multitude inxente; unha multitude, por outra parte, á que se tiña que alimentar no seu desbocado morbo, xa ben entrenado polos combates de gladiadores e feras no Coliseo. E, sen dúbida, o acto culminante era a autoemasculación dos novizos. O poeta satírico Marcial (Bílbilis, hoxe Calatayud, 40-104) búrtese dun «galo», é dicir, dun sacerdote de Cibeles, que, a pesar de estar emasculado, gustaba das mulleres:

Eunuco entero

¿Qué te importa a ti, galo Bético [sacerdote de Cibeles da Bética, actual Andalucía], el pozo sin fondo de las mujeres? Esta lengua debe lamerles la entrepierna a los hombres. ¿Por qué te han cortado la verga con un pedazo de vidrio de Samos, si tanto te gustaba un coño? La cabeza es lo que hay que castrar, porque, aunque seas capón en las ingles, sin embargo incumples los mandamientos de Cibeles: estás entero en la boca (Marcial, *Epigramas*, LXXXI).

Marcial, directa ou indirectamente, búrtese dos «galos» en moitas outras ocasións e de diversas maneiras. Vexamos algunhas máis:

Ir por lana...

Un boque [cabrón], culpable de haber ramoneado una viña, estaba junto a las aras para morir; Baco, como víctima grata a tus fuegos. Cuando estaba para inmolarlo al dios, el arúspice etrusco encomendó al azar a un paisano del campo y rudo que, rápidamente y con una hoz bien afilada, le cortara los testículos para que se fuera el mal olor de su carne inmundada. Mientras él mismo, inclinado sobre las verdes aras, corta con su cuchillo el cuello que se resiste y lo sujeta con la mano, quedó al descubierto su enorme «paquete», con gran escándalo de los ritos. Lo engancha el rústico con el hierro y lo siega, pensando que así lo exigían los antiguos ritos de los sacrificios y que a las primitivas divinidades se las honraba con tales fibras. Así tú, que hasta hace un momento habías sido arúspice atrusco, ahora lo eres galo: mientras degüellas un boque, tú mismo te has vuelto un chivo (Marcial, *Epigramas*, XXIII).

Serás caballero, pero no marido

Siendo menos hombre que un enervado eunuco y más afeminado que el concubino [Attis] de Celene al que invoca con aullidos el castrado galo [sacerdote] de la Madre [Cibeles] en trance, hablas de teatros, de órdenes de asientos, de edictos, de togas con franjas de púrpura, de idus, de fibulas, de censos, y señalas a los pobres con tus manos pulidas con piedra pómez. Veré si tienes derecho a sentarte en las filas de los caballeros, Didimo: en las de los maridos, no lo tienes (Marcial, Epigramas, XLI).

Tertuliano (Cartago, ca. 160-ca. 220, famoso abogado en Roma), un prolífico escritor cristián, pai da Igrexa, aínda que non foi canonizado por pertencer ó movemento montanista que logo abandonou (os frixios Montano e dúas profetisas profetizaban o inminente fin do mundo, ordenando ós seus fieis que se reuniran nun lugar determinado esperando o descenso da Xerusalén Celestial...) para crear un propio, atacaba con ácida ironía á deusa Cibeles é o «sacratísimo gran sacerdote» (o *arcigallus*) deste xeito:

4. Considere **Cibeles** si amó la ciudad de Roma por el recuerdo de la gente troyana, de su país, protegida por ella contra las armas de los aquivos; y si prefirió pasarse a los vengadores de los que sabía que habían de triturar a Grecia, dominadora de Frigia. 5. Y así aportó también en nuestros días una gran prueba de su majestad sobre la ciudad, cuando, arrebatado súbitamente **Marco Aurelio** de la república junto a Sirmio, el día **17 de marzo**, el sacratísimo gran sacerdote, siendo el día **24 del mismo mes, en el que libaba sangre impura saizando también los brazos**, mandó igualmente las acostumbradas preces por la salud de Marco ya muerto. 6. ¡Qué lentos mensajeros! ¡Qué tardíos documentos, por cuyo defecto Cibeles no conoció antes el deceso del emperador, para que los cristianos no se rieran de semejante diosa! (Tertuliano, Apologético, 25).

Lactancio, un apoloxista cristián do s. III-IV (245?-325?), nacido no norte de África, considera «locos» estes ritos:

No menos **locos**... han de ser considerados otros famosos ritos públicos: uno, el que se celebra en honor de la diosa Madre, en el cual **los mismos hombres ofrecen sus propios órganos genitales**, y así, una vez amputado el sexo se convierte en algo que no es ni varón ni hembra (Lactancio, Instituciones I, 21, 6).

Pero Saturno no es el único dios al que le gusta ver correr la sangre de los hombres. Cibeles inspira otro tipo de furor a los que son iniciados en sus misterios detestables. Los obliga a sacrificarle sus propias manos, lo que sus celos arrancó al desgraciado Attis; y estas infames víctimas de mayor infame divinidad, se convierten, por un culto tan raro como cruel, en monstruos que la naturaleza aborrece (Lactancio, Instituciones I, 21).

Durante o inventario da Colección Seoane, que finalmente se convertería nunha espléndida doazón ó Museo das Mariñas, **don Rafael Seoane**, daquela na súa casa de Miño, pasábame, unha tras outra, pezas marabillosas que eu, sen máis medios que unha cámara fotográfica, unha regra, unha libreta e un bolígrafo, intentaba documentar apresuradamente. Durou este traballo varios días. O 29-07-2010 chegou ás miñas mans unha



Fig. 10.- «Morsetto da castrazione», adornado coas imaxes de Cibeles, Attis e outras deidades romanas. <commons.wikimedia.org>

figuriña de bronce con aparencia de exvoto (nº de rexistro do museo, 3133; alto, 8,6 cm; peso, 88,9 gr.). En canto a vin, por diante e por detrás, berrei emocionado: **un sacerdote de Attis!** A evidencia estaba en que se trataba dun home danzando que aparece emasculado, é dicir, co pene cortado; un pene prominente que suxeitaba nas súas costas coa man dereita (como agochándoo), mentres amosaba coa esquerda (algo deteriorada na figura) o instrumento empregado no acto supremo sacrificial da emasculación: un coitelo de pedernal (Prudencio, *Perist.* 10, 1061-1075; Lactancio, *Inst. Div.* 1, 21, 16).

O home (literalmente un novizo que mediante este acto pasaría a ser sacerdote) está espido, a penas cuberto por un chapeu de copa redonda e ás curtas, presentando unhas marcas na cara que representan unha barba incipiente.

Mira cara arriba, á estatua de Cibeles, coa boca entreaberta mentres canta un canto ou salmodia propia da ocasión ou quizais berrando desesperado de dor. Amósalle o utilizado coitelo de pedernal á deusa e ó aterrorizado e morboso público, mentres sigue a danzar ensanguentado e agocha o pene para despois lanzarlllo como ofrenda sacrificial á deusa. Sen dúbida, tódolos novizos espidos facían os mesmos xestos ritmicamente, seguindo unha danza sagrada establecida e previamente moi ensaiada. Unha vez que os novizos aceptaron entrar nesta danza, non cabía marcha atrás, posto que a deshonra sería socialmente inaceptable.

Nin don Rafael Seoane sabía cal era a súa procedencia nin eu agora teño medios para indagala, pero confío en que unha ulterior análise metalográfica poida dicirnos de que xacemento procede. Outros exvotos da colección son da Península Ibérica, polo que é de supoñer que este tamén o sexa, sen descartar a súa galeguidade, posto que é nos nosos castros onde se atoparon algúns falos de pedra que imitan perfectamente no seu corte os

penes cortados dos novizos de Cibeles e Attis (figs. 13, 14, 18). E mesmo é en Galicia onde temos o marabilloso templo de Santalla de Bóveda, adicado a Cibeles e Attis. Alí se representan en pintura mural numerosas aves, especialmente da familia das galináceas, entre elas galos, metáfora evidente dos sacerdotes de que falamos, pero tamén pavos reais, alusivos á deusa, e outras referidas ós fieis, e precisamente nesta colección do Museo

Fig. 11.- Sacerdotes (galli ou coribantes de Cibeles, ou curetes de Rhea) danzando e clavándose os cuchillos nos brazos, arredor das estatuas da deusa e do deus, sobre un carro tirado por leóns. Detalle da pátera de prata de Parabiago (s. IV dC) do Museo Archeologico de Milano. Foto: Giovanni Dall'Orto <commons.wikimedia.org>



das Mariñas hai un exvoto de bronce que representa unha **galinácea** (fig. 32), polo que se pode pensar que xunto a un **toro** (eco probable do *taurobolium*, figs. 22-24) constitúen tres figuras (todas de bronce) orixinarias dun mesmo santuario destes deuses.

Non cabe dúbida que a peza é romana. A pesar do seu reducido tamaño (común nos exvotos), é moi realista e está chea dun marabilloso movemento desde os pés (que lle faltan) ata a cabeza, retorcéndose sobre si mesma, sen esquecer que a cara ten características de retrato. Vista así, as súas orixes estilísticas lonxanas habería que procuralas no mundo helenístico entre os coribantes (danzantes) da propia deusa Cibeles ou entre os curetes, que eran os nove danzantes da cretense Rhea. Porque Cibeles e Rhea tenderán a identificarse.

Nunha liña semellante podemos ver os danzantes da pátera de prata de Parabiago, do *Museo Archeologico de Milano*, datada no s. IV dC (figs. 4 e 11), se ben estes danzantes que se pinchan e cortan os brazos poden identificarse cos sacerdotes, pero non cos novizos no acto de emascularse. Supuxen que esta figura do Museo das Mariñas tería numerosos paralelos nos museos do mundo, pero non tiveron a fortuna de atopalos.

En canto á datación do noso novizo emasculado, por referencia á Pátera de Parabiago, poderíamos pensar que pertence tamén ó s. IV? Quizais, pero mentres non teñamos un paralelo seguro nada impide que sexa anterior. O máis prudente, por tanto, é deixala de momento nun arco temporal amplo, entre o s. I e o IV, coincidindo coa etapa de maior esplendor desta relixión no mundo romano. Que esta é pouca precisión? Pois podería dicirse daquela que o realismo da figura, en especial da cara e, sobre todo, a barba curta, que se xeneraliza nos retratos dos emperadores a partir de Adriano, nos falaría do s. II. Quede así de momento como unha hipótese inicial.

En canto á súa función, semella ser un exvoto propagandístico, patrocinado polos propios sacerdotes, os *galli*, que se situaban á altura do deus Attis (mesmo confundíndose con el) no acto supremo do seu necesario autosacrificio para fecundar misticamente á *Magna Mater* e posibilitar así a resurrección cíclica da vida. Por iso era tamén cíclica a morte e resurrección do propio deus, unido inexorablemente á deusa.

Deste xeito, obviamente, os sacerdotes de Attis e Cibeles situábanse nun plano superior ó dos demais mortais. Pero para que o acto fecundador se perpetuase era preciso que existiran suficientes novizos cada ano capaces de sacrificarse, de autoemascularse pola deusa, cuestión que non debía ser tan doada, tendo en conta a labor crítica de intelectuais varios e de relixións competidoras que, como a cristiá, convivían no Imperio. De aí quizais a esaxerada espectacularidade dos ritos públicos, que se poderían ver como un reclamo para que cada ano houbera semente mística suficiente, é dicir, falos cortados, para que a deusa fose convintemente fecundada e, dese xeito, o renacemento da vida en primavera fose como se esperaba. Era por tanto unha cuestión esencial para os fieis de Attis e Cibeles e especialmente para o seu colexio sacerdotal: semella que a harmonía cósmica estaría en serio perigo sen o acto autosacrificial dos novizos. Sen eles todo se viña abaixo. Por iso despois, como *galli*, e non digamos como *arcigallus*, se daban tanta importancia social e se arrodeaban dun gran aparato ornamental e ritualístico.

Con referencia ós falos de pedra que aparecen nos castros galegos, sempre lin, aquí e aló (Brañas, 2011), a súa relación co deus Priapo ou co deus Fascinus (de feito, *fascinus* e o nome que se daba ó pene mesmo, acompañado dos testículos, como vemos en Pompeya).



Fig. 12.- Novizo danzante (posterior sacerdote ou «gallus») de Attis e Cibeles logo do acto supremo da emasculación cun coitelo de pedernal. Colecc. Seoane, Museo das Mariñas. Foto: Erias.



Fig. 13.- Falo do castro de Socastro (Erbogo, Rois, A Coruña), atopado no 2008. É de pedra e está pintado, distinguíndose claramente o glande (González Pérez, 2011). O feito de estar pintado implica unha vontade de darlle aspecto de realidade e ten razón Clodio González cando di que debeu ter unha función ritual. É máis, polo feito de ser un falo cortado (posto que non ten testículos), o máis probable é que estivera nun santuario de Attis e Cibeles. Foto: xentileza de Clodio González Pérez.

Tamén lin sobre a súa posible función de dildos ou consoladores (González Pérez, 16-04-2011), pero o feito de estar cortados (cun corte moi coidadosamente esculpido nalgúns casos) debe levarnos a unha consideración máis lóxica: a de que forman parte dos rituais do culto a Cibeles e Attis como unha representación perdurable dos penes cortados dos novizos.

Deste xeito, estes falos de pedra constituirían unha lembranza permanente (sobre todo, para os fieis) do sacrificio destes sacerdotes ou *galli* e, polo tanto, a fonte do seu poder diante da sociedade daquel tempo. Eles sacrificáronse, como Attis, por amor á *Magna Mater*, nai dos deuses, e os seus rituais místéricos terían como fin último que a deusa se fecundase e renacesse así ciclicamente a vida no mundo, resucitando o deus Attis o 25 de marzo e con el a vida animal e vexetal, na estación da primavera.

Precisamente, o achado dun **falo policromado** (fig. 13), para dar sensación de realidade, no castro de Socastro en Rois, A Coruña (<<http://www.elcorreogallego.es/>>, 02-04-2009),



Fig. 14.- Falo cortado de esquist, atopado no castro de Adragonte (Paderne, A Coruña). Museo das Mariñas (nº de rexistro, 240; longo, 10,6 cm, ancho máx., 3,9 cm), depósito de don Pedro Bonome Rivas. O feito de representarse con moita realidade (véxase o glande), especialmente o corte, significa que non se refire ó culto a Priapo, senon ó de Attis e Cibeles. Simbolizaría de forma perenne os falos cortados reais (perecedeiros) dos sacerdotes. E estarían nun lugar privilexiado á beira da estatua da Deusa Nai, no seu santuario. Foto: Erias.




Fig. 15.- Novizo danzante (posterior «gallus») de Attis e Cibeles, co gran pene cortado na man dereita, acto seguido da emasculación. Colecc. Seoane, Museo das Mariñas. Foto: Erias.

hoxe no Museo Arqueolóxico da Coruña, abundaría na importancia que os sacerdotes deron ó feito de que estes falos parecen reais, porque arrodearían probablemente a estatua de Cibeles, facendo permanente a imaxe dos seus penes cortados, por definición perecedeiros. E este tipo de falos de pedra non son raros, posto que apareceron tamén noutros castros: o de Elviña-A Coruña (fig. 18), o de Adragonte-Paderne-A Coruña (fig. 14), etc., sen que agora se pretenda facer unha catalogación de todos eles.

Estes falos de pedra dos castros galegos serían, por conseguinte, un símbolo do sacrificio dos sacerdotes por amor á deusa nai Cibeles, imitando o que fixera Attis e identificándose deste xeito con él nunha función que máis aló da crueldade e sensentido que subliñan os pais da igrexa e outros escritores antigos, hai que velo como a renovación cíclica dun acto místico de fecundación da *Magna Mater* ou Deusa Nai dos deuses, Cibeles. Un acto cruento que implica derramamento de sangue, máis ou menos similar ó



Figs 16-17.- Arcigallus realizando un sacrificio a Cibeles e Attis (s. III). Museo Archeologico Ostiense, Ostia Antica.

<<https://commons.wikimedia.org>>



Fig. 18.- Falo cortado de cuarcita branca acastañada, atopado no castro de Elviña (debuxo: Luis Monteagudo). Ten 0,08 m de longo e 0,045 m de diámetro; procede dun

canto de cuarcita de río, conservando a superficie natural en partes convintes, mentres que as demais están finamente traballadas. Apareceu no escombros exterior da muralla a 4m ó norte do torreón e a 0,5m de altura sobre o chan arqueolóxico. Monteagudo (1990, 23-24) enténdoo como un resto da «cultura matriarcal» dos castros galegos, cun paralelo nun dente de crocodilo inédito do castro de A Penela (Vigo, Redondela) e un antecedente nun «cilindroide inédito» atopado nunha mámoa de Ourense por Díez Sanjurjo e noutros de Windmill Hill (S. de Inglaterra) e sobre todo en Bretaña. Pero, á marxe de precedentes formais, nos castros de Galicia, resulta máis doado entender este tipo de achados como falos cortados, posto que ningún aparece con testículos e, polo tanto, serían unha manifestación do culto de Attis-Cibeles, dentro do contexto da romanización de Galicia.

doutros deuses que morren e resucitan para explicar maxicamente a aparente morte da vida en inverno e a resurrección vexetal e animal na primavera; un derramamento esencial para o acto máxico fecundador. É, polo tanto, o sacrificio que se fai o «Día do sangue», o precedente inmediato e necesario do «Día da ledicia», da resurrección. En consecuencia, e en relación a estes falos de pedra, cabe pensar: 1º) que o culto a Cibeles e Attis poido estar bastante estendido na Galicia de época romana, como tamén estaba o de Mitra (lembramos o seu santuario diante da fachada occidental da catedral de Lugo); 2º) os falos de pedra, que imitan tan perfectamente os reais cortados, estarían destinados a servir de ofrendas permanentes á deusa Cibeles en lembranza do sacrificio persoal dos seus sacerdotes; e 3) séguese de todo o dito que cando se atope un falo castrexo cortado xa non se deberá pensar no culto a Priapo ou a Fascinus, senón no de Cibeles e Attis.

25 DE MARZO. Finalizado o desacougante *Dies Sanguinis*, cos primeiros raios do amencer o *arcigallus* proclamaba:

Elevad el espíritu, oh iniciados, al ver que el dios se ha salvado, pues también nosotros, después de las penalidades sufridas, hallaremos la salvación (Guillén, III: 391-392).

Anuario Brigantino 2015, nº 38



Fig. 19.- Distintas perspectivas do novicio emasculado de Attis e Cibeles da Colección Seoane do Museo das Mariñas. Tomouse como imaxe da deusa a estatua romana da Carlsberg Glyptotek de Copenhague (restauróuselle informaticamente o nariz). Da mesma colección é o touro, quizais alusivo a un taurobolium e a galinácea, alusiva ós sacerdotes ou galli. A estatua de Attis pertence ó Musée des Antiquités Nationales de Saint-Germain-en-Laye. O falo cortado de pedra (tamén do Museo das Mariñas) é o que apareceu no castro de Adragonte (Paderne, A Coruña) e as pinturas murais romanas con imaxes de aves, corresponden ó templo de Cibeles e Attis de Santalla de Bóveda (Lugo): galináceas, pavos reais (símbolos da deusa), perdices, faisáns, pombas, etc. Composición de Alfredo Erias para o fondo da vitrina do Museo das Mariñas.

Así se poñía fin ós xaxúns e ás lamentacións. Attis resucitara e nas rúas de Roma había festas de gran ledicia (*Hilaria*), equivalente en salvaxismo ás cerimoniais precedentes.

26 DE MARZO. Día de descanso (*Requetio*).

27 DE MARZO. En época imperial tiña lugar a procesión pomposa da estatua de pedra de Cibeles sobre un carro de prata ata o río Almo, afluente do Tíber, onde era lavada (*Lavatio*), xunto cos demais obxectos sagrados, polo *arcigallus* vestido de púrpura (cor da deusa), quen logo a secaba e a espolvoreaba con cinza. Así se aseguraba a fecundidade das mulleres, a fertilidade dos campos e, sobre todo, o renacemento das almas nunha vida nova, lonxe dos sufrimentos e penalidades da vida terreal (Guillén, III: 392).



Fig. 20.- Arcigallus de Lavinium, s. II (Musei Capitolini). Na cabeza leva dúas medallas de Attis e unha de Xúpiter Ideo. As orellas están cargadas de perlas. No peito colga a imaxe de Attis con mitra pérsica. Na man dereita, unha rama de olivo. Na esquerda, un cestiño con froita e un látigo de tres remates con pequenos ósos para lacerarse. Na parede, o cesto místico, címbalos, dúas frautas e un tambor. <commons.wikimedia.org>



Fig. 21.- Gallus ou Arcigallus do Museo Arqueolóxico de Cherrchell, s. II-III. <commons.wikimedia.org>

A partir daqui, a estatua triunfante voltaba ó Palatino en magna procesión no medio de cánticos e danzas dos *galli*.

28 DE MARZO. O *taurobolium*.

Máis aló dos espectaculares e, con frecuencia, aterradores rituais públicos da festividade de Cibeles e Attis, tamén había ritos secretos, agochados á vista da xente, aínda que logo puideran ter unha parte final pública. Destes ritos o máis coñecido é o *taurobolium* ou sacrificio dun touro, que se introduciu en Roma entre os séculos I e II (figs. 22-24).

Segundo o Calendario de Filócalo, tiña lugar o 28 de marzo no *Phrygianum* do outeiro vaticano e denominábase *initia Caiani*, en honra do emperador Calígula. Había casos nos que o touro se substituíu por un carneiro (*criobolium*), cos mesmos efectos. E facíase para beneficio propio ou alleo. Todo empezaba cunha procesión. Os *apparitores* (empregados subalternos da administración, de xustiza sobre todo) e os músicos (*tibicines*, *cymbalistriae*, *tympanistriae*), ían diante, seguidos do sacerdote (que máis tarde se agocharía na cova para recibir o sangue do touro), condutor do animal polas rúas cara o seu destino. Dous personaxes con nome de bon presaxio acompañaban ó touro, ademais de tódolos que terían unha función activa no sacrificio, entre os que estaban necesariamente os principais funcionarios do emperador ou o emperador mesmo, ademais das autoridades locais (Plin. *N. H.* 28, 22, en Guillén, 1985, III: 393). Hai que ter en conta que o *taurobolium* público ofrecíase sempre polo emperador e pola familia imperial; esa é a razón de que asistisen

sacerdotes de tódalas deidades ás que se daba culto no imperio. Detrás ía a masa de fieis da *Magna Mater*.

O iniciado (xeralmente o sacerdote ou mesmo o sumo sacerdote) entraba nunha cova cuberta cunha prancha con buxeiros. Enriba, o oficiante mataba un touro cunha *harpe* (coitelo cun saínte lateral) para provocar unha gran hemorraxia. Durante o sacrificio varios sacerdotes adoitaban dirixir as oracións do pobo, misturadas co son da música sacra da frauta. O iniciado recibía o sangue na súa cabeza e en todo o corpo: un bautismo de sangue que levaba a unha vida eterna. Sen embargo, curiosamente, o ritual debía repetirse ós 20 anos (*CIL*. VI, 504 e 513). Prudencio dinos en que consistía:

El sumo sacerdote que ha de sacrificar se esconde bajo tierra, es decir, en un hoyo hecho de antemano; va bien vestido con los hábitos pontificales, ceñidas las sienes con la venda sagrada, fija la cabellera con la corona de oro, ajustada la toga de seda con el cinturón sacerdotal. Disponen un estrado entretejido de tablas por la parte de arriba, dejando en sus junturas unas pequeñas rendijas; las separan luego o barrenan el piso, y perforan el tablado con agujeros frecuentes para que haya comunicación por las pequeñas aberturas. Conducen allí un gran toro de frente torva y áspera, atado por los hombros con guirnaldas de flores o cargados los cuernos de verdor; en la frente de la víctima brilla el oro, y el fulgor áureo brilla también en láminas sobre su pelo. Como hay que inmolar aquí a la víctima, le hienden el pecho con el hacha sagrada, y la amplia herida abierta fluye en un río de sangre; el recipiente de la oculta bóveda emite una columna de vapores y arde extensamente. Entonces, por los subterfugios de las mil rendijas disimuladas se desliza la sangre, que cae como en rocío corrompido, que recibe el tauróbolo escondido debajo, poniendo su cabeza sucia debajo de todas las gotas, quedando impregnado de ellas en su vestido y en todo el cuerpo. Más aún: levanta su rostro, y ofrece sus mejillas, y aplica sus orejas, sus labios y sus narices; sus mismos ojos reciben el baño de aquel líquido y su paladar y su lengua quedan plena-



Fig. 22.- Ara Gentis Iuliae de Vila Médici. Condución dun boi sacrificial ó templo da Magna Mater no Palatino.
<commons.wikimedia.org>



Fig. 23.- Reconstrución dun taurobolium. Duruy, Victor (1888): *Historia de los romanos*. Montaner y Simón, Barcelona, v. 2, p. 447.



Fig. 24.- Touro votivo de bronce da Colecc. Seoane do Museo das Mariñas, probablemente alusivo ó taurobolium (nº rexistro, 3134; longo, 7 cm; alto, 3,6 cm; peso, 203,8 gr).


Erias

mente empapados hasta que todo él se ve teñido con la sangre cuajada. Después que los flámenes han separado del tablado el toro muerto, faltar de sangre, sale de su escondite el sacerdote, horrendo de ver, y enseña su cabeza húmeda, su barba espesa, las vendas empapadas y sus vestidos ebrios de sangre. Todos aclaman al que se ha teñido con tales rocíos, al que se ha ensuciado con negra sangre del sacrificio expiatorio; todos lo adoran desde lejos, porque lo han lavado mientras estaba escondido en aquellas negras bodegas la sangre vil y el buey muerto (Prudent. Perist. 10, 1011-1050, en Guillén, 1985, III: 392-393).

4 DE ABRIL. Aínda que os romanos poñían este mes baixo a protección de Venus, celebraban numerosas festas en homenaxe a Cibeles e Ceres, fecundadoras da terra. Neste día os sacerdotes levaban a imaxe de Cibeles en procesión polas rúas de Roma, como sempre en carro de prata tirado por leóns e envolta no son de címbalos, frautas, tambores e grandes berros afeminados dos *galli*. Tiñan lugar nestas festas representacións teatrais e banquetes entre patricios e plebeos, que se convidaban entre si. E comíase queixo mesturado con finas herbas.

10 DE ABRIL. Rematan as festas de Cibeles e Attis con carreiras de cabalos e cunha procesión arredor do Circo Máximo na que ían as imaxes da deusa e do deus, precedidas pola Vitoria coas ás abertas.

NOTAS BREVES SOBRE O SANTUARIO DE SANTALLA DE BÓVEDA



Outra peza da Colección Seoane do Museo das Mariñas é un exvoto de bronce que representa unha galinácea (fig. 32) (nº de rexistro, 3135; longo, 2,4 cm; alto, 1,4 cm; ancho, 1,2 cm; peso, 15,5 gr), o que autoriza a pensar que probablemente forma parte do conxunto de pezas que aquí se presentan, o novizo emasculado (figs. 12, 15) e o touro (fig. 24), e que procederían dun mesmo santuario de Cibeles e Attis. Este santuario pode ser de calquera parte do Imperio Romano, é verdade, pero tampouco debemos descartar que sexa de Galicia de onde era o posuidor da peza (don Rafael Seoane, coruñés) ou de Portugal (onde tiña, en Óvidos, unha casa de antigüidades).






Fig. 25.- Os relevos (entre votivos e propagandísticos) de lisiados de Bóveda indican que estamos diante dun santuario famoso no mundo antigo, relacionado con enfermidades dos ósos. E era famoso (augas salutíferas) antes de ser da Magna Mater, pero agora esta, en forma de avestruz (símbolo de Rhea) desde o alto da columna (como as columnas dos emperadores), é a que olla e cura ós enfermos. Debuxos: Erias.

A ave lévame inmediatamente ás imaxes das aves pintadas e esculpidas do templo de Santalla de Bóveda de Mera na provincia de Lugo, un templo romano de datación imprecisa (tardorromano parece). Pero o importante é que existen elementos suficientes para consideralo un santuario de Cibeles e Attis.

Un dos traballos máis luminosos sobre este templo débese a Rodríguez Colmenero (1992) que, despois de manexar unha ampla bibliografía, primeiro, dase conta de que está ligado ás augas salutíferas e, segundo, de que se relaciona con deidades orientais. Coa cautela propia do gran investigador que é, cita estas deidades («a Isis,



*Figs. 26-27.- Interior do templo de Cibeles e Attis en
Santalla de Bóveda de Mera (Lugo).
Fotos: Erias.*






Fig. 28-29.- Pinturas de Santalla de Bóveda. Fotos: Erias.

Fig. 30.- *Pinus Pinea* (pino piñoneiro), modelo para os pintados en Bóveda.



a Serapis, a Cybeles, a [Dea] Caelestis, a Frugífero o Saturno Africano, etc.» e non deixa de aludir ás posibles «prácticas de *Incubatio*» e ó culto a Serapis que outros investigadores puxeran enriba da mesa.

Acto seguido, analiza a piscina ritual de San Roque, na cidade de Lugo, interesantísima porque nos dá un referente inequivocamente romano para a piscina ou estanque, sen dúbida tamén ritual, de Bóveda, atopada por Chamoso Lamas. Liga a piscina de San Roque ó ámbito funerario e á veciña necrópole, considerando (influido por Wild, 1981) que ten que ver cos deuses orientais Isis e Serapis. Nesta liña, interpreta os relevos da cara-esfinxe (Medusa) e da cabeza de carneiro (Xúpiter-Amón) como elementos protectores do mundo funerario, sospeitando a existencia dun *Iseum*, dun *Serapeum* ou das dúas cousas xuntas. Ratifica esta idea a epigrafía lucense que ten dedicatorias a deidades orientais, tales como Caelestis, Frugiferus ou Saturno Africano (Blanco, 1977; Le Roux, 1977).

A partir destes datos e, a pesar das cautelas, remata por adscribir Santalla de Bóveda ós mesmos cultos de Isis e Serapis na primeira e segunda fases do edificio. Descoñezo a razón de por que non explorou a identificación do santuario con Cibeles e Attis, a pesar dos múltiples indicios que levan nesa dirección. Quen o fixo foi o arquitecto Carlos Sánchez-



Fig. 31.- Galo encima dun modius (medida romana de gran), alusión metafórica ó sumo sacerdote de Cibeles e Attis, «M. Modius Maximus, Archigallus Coloniae Ostiensis». Foto orixinaria do libro de RIEGER, Anna-Katharina (2004): *Heiligtümer in Ostia*. Hardcover. <commons.wikimedia.org>



Fig. 32.- Galinácea (pavo quizais) de bronce da Colecc. Seoane do Museo das Mariñas.

Fig. 33.- Pavo real de Santalla de Bóveda.






Fig. 34.- Cibeles identificada co pavo real. British Museum.



Figs. 35-38.- Templo de Santalla de Bóveda de Mera (Lugo). En cada unha das esquinas das frontes interiores da gran bóveda vemos un galo, emblema parlante do gallus, sacerdote, ou archigallus (sumo sacerdote) de Cibeles e Attis, á beira dun pino no que o deus se converteu ó emascularse debaixo del. Diante do galo hai un ave de menor entidade coa cabeza baixa en actitude de sumisión, que debe representar ós fieis. Soamente este tema (os galos aparecen tamén repetidamente na bóveda) basta para asegurar que este templo estivo dedicado a Cibeles e Attis.



Fig. 39.- A pesar do desgaste, pode dicirse (por ser similar e simétrica á do outro lado -v. fig. 40-) que esta escena da fachada do santuario de Santalla de Bóveda é unha procesión funeraria pola morte de Attis. As cinco figuras poden ser sacerdotes (galli), que se visten como mulleres, ou mulleres que participan na procesión, á maneira das matronas romanas. Pero en calquera caso, e isto nunca o vin escrito, responden á iconografía das pranxideiras (elevan as mans tirándose dos pelos), de longa tradición no mundo funerario antigo. Foto: José Luis Menéndez.

Montaña a través de Internet (<<http://santaeulaliaboveda.blogspot.com.es/>>; <https://es.wikipedia.org/wiki/Santa_Eulalia_de_B%C3%B3veda>, etc.), remitindo a un traballo do curso de doutorado da Universidade da Coruña, titulado *Arquitectura en Galicia*, realizado baixo a tutoría do Dr. Juan Pérez Valcárcel no 2003-2005.

Hai aspectos que entran dentro da consideración de incontestables. Por exemplo, a existencia nas pinturas das fronte interiores oriental e occidental da bóveda (nas esquinas da base dos dous semicírculos) dun galo á beira dunha árbore e con outra ave menor diante en actitude de sumisión; pois ben, esa árbore é un *Pinus pinea* (pino piñoneiro); polo tanto, a cuestión é clara: o galo é unha imaxe parlante do *gallus* ou sacerdote, ou quizais do *archigallus* ou sumo sacerdote de Cibeles e Attis, o pino é unha representación de Attis (no que se converteu o deus ó morrer á súa beira) e a outra ave pode representar ós fieis sumisos a estes deuses e ós seus sacerdotes. No esencial non se me ocorre que dúbida pode quedar ó respecto. Pero hai un elemento incontestable máis que agora aporporto por primeira vez, segundo creo: unha das figuras que levan en procesión un arco de flores e que amosa a súa barriga espida entre as roupas, non é unha embarazada («*mujer gravida*» segundo Colmenero, 1992), senón que copia literalmente un dos tipos iconográficos de Attis neno, no que se deixa ver o ventre entre as roupas que se abren en forma redondeada, a maneira de gran bágoa, etc. (figs. 47-48). Polo tanto é un *gallus* ou un *arcigallus*, sen dúbida algunha. E o mesmo podemos dicir da outra figura con arco de flores, que ten unha moda semellante ó tipo de Attis adulto do *Musée des Antiquités Nationales de Saint-Germain-en-Laye* (figs. 49-50). As flores, daquela, teñen que ser violetas.

Item mas, as figuras, en dúas escenas da fachada, de cinco cada unha, que case sempre se describiron como danzantes (figs. 39-40), considero que responden iconograficamente ó tipo milenar das pranxideiras, sexan *galli*, por definición vestidos como mulleres, ou mulleres á maneira das matronas romanas. E, por conseguinte, son



Fig. 40.- Procesión funeraria pola morte de Attis, como a da fig. 39, da fachada de Bóveda. Sexan galli ou mulleres, responden á iconografía das praxideiras. Todas se tiran dos pelos menos a segunda pola esquerda que pon a man esquerda enriba da boca do estómago, significando gran dor (como veremos nunha das praxideiras da catedral de Tui no s. XV); pero tampouco pode descartarse que aluda á dor da emasculación, polo que serían galli ou sacerdotes emasculados.



Figs. 41-43.- Praxideiras na tumba de Ramsés II (ca. 1279-1213 aC); nunha terracota funeraria griega ática do 520-510 aC (<<http://www.metmuseum.org/>>); e nunha estela de Wadi Migdal (Libia, ca. s. III, Bani Walid Museum, <www.livius.org/>)



Figs. 44-46.- Praxideiras da tumba do cabaleiro Sancho Sáiz de Carrillo (s. XIII, Museo Nacional de Arte de Catalunya); e outras da catedral de Tui (s. XV, Erias, 2014). Debuxos: Erias.



coherentes coas procesións funerarias realizadas na festividade *Megalesia* ou *Attideia* pola morte do deus Attis, sempre propendendo á esaxeración e á teatralidade (figs. 39-50). Salvando as diferenzas, equivalen ás procesións da Semana Santa, que tamén son funerarias e se fan en honra do deus morto. Resumindo e, posto que non é o momento de analizar cada aspecto do santuario, remato cun esbozo do que me parece que poido ser:

1º) Partindo da base de que os lugares sagrados permanecen, mentres que as relixións sobre eles cambian, cabe preguntarse que había alí antes do santuario romano de Cibeles e Attis. E a resposta pode estar no documentado entramado de canles de auga (Montenegro, 2005) que hai ou había debaixo do chan do edificio, porque iso pode levarnos a un santuario culturalmente celta ligado ás augas, como o suxiren tantas «fontes do santo» das nosas romarías aínda hoxe, a pesar do imperante cristianismo. Foi Coventina a súa deusa?

2º) Este santuario debía ser moi famoso polas súas curacións, especialmente as ligadas ás doenzas dos ósos, e por iso en época imperial, coa chegada a *Gallaecia* dos triunfantes cultos mistéricos de Asia Menor, especialmente os de Mitra e os de Cibeles-Attis, estableceuse o gran santuario de Mitra en *Lucus* (diante da actual catedral) e o de Cibeles-Attis no próximo lugar (a 14 km) que hoxe chamamos Santalla de Bóveda, apropiándose da súa fama (véxanse os relevos de lisiados, fig. 25), nun proceso que máis tarde multiplicaría o cristianismo. Nesta liña, no paso do vello ó novo santuario, desde a cultura indíxena á romana, sería lóxico conservar (quizais actualizándoo, romanizándoo) o estanque interior que, debido ós enxeñeiros romanos, mantería sempre o mesmo nivel de auga mediante un sistema inxenioso (Vidal, 2004) e no que os devotos farían as súas ablucións rituais. Semella unha intelixente acción política dos altos funcionarios do imperio en *Lucus*.

3º) Naturalmente, xunto ós ritos tradicionais das augas salutíferas rexeneradoras, engadiuse unha nova liturxia. Así se explican os dous relevos das figuras de pranxideiras pola morte de Attis (sexan *galli* ou mulleres á maneira das matronas romanas, en grupos de cinco) como un eco das procesións de Roma, aplicado a Bóveda (ver explicacións nos pés das figs. 39-50); e no interior, a presenza das aves, pode verse como metáfora dos fieis no Paraíso, onde campean o galo (sacerdote), o pino (Attis) e o pavo real (Cibeles).

4º) O carácter funerario do edificio que intuía Schlunk (1935), non se refire a que aquí haxa ningún persoeiro enterrado (sería o *martirium* de Prisciliano, segundo Celestino Fernández de la Vega, 1971), senón á cíclica morte (e logo resurrección) do deus Attis, polo que se facían procesións funerarias na festividade *Megalesia* ou *Attideia*.

5º) A existencia dun corpo superior do edificio e de buxeiros na bóveda da ábsida, comunicando coa parte inferior (Blanco-Rotea e outros, 2009: 160), permite supoñer que estaba fusionado o concepto de templo co da cova do *taurobolium*, de maneira que o sangue sacramental caería sobre o fiel (e se fundiría coas augas salutíferas do estanque), para levalo polo camiño da saúde nesta vida e da vida eterna na outra (Sánchez-Montaña cre que o sacrificio se facía no centro do edificio, enriba do estanque). As procesións, que en Roma semella que adoitaban ir do templo do Palatino ó *Phrygianum* do Vaticano, terían en Bóveda que reducirse ou xirar arredor do edificio (un precedente máis para o cristianismo e as festas galegas e de máis aló?). Foi o *Phrygianum* vaticano o modelo de Bóveda?

E 6º) O cristianismo, a diferenza do que pasou noutros moitos santuarios da *Gallaecia*, non aproveitou, ou polo menos non chega ata nós, a fama das augas salutíferas de Bóveda (quizais pola súa excesiva fama anterior), e o vello templo de Cibeles e Attis foi esmorecendo ata que no 1926 rexurdiu de novo, nun proceso de intervencións con momentos desastrosos (Montenegro, 2005; Blanco-Rotea, 2009...). Aínda así, é un dos grandes fitos da arte e da cultura romanas, que nunca revelará por completo o seu devir «místico».



Figs. 47-48.- Na iconografía de Attis neno (aquí do Musei Vaticani) este adoita aparecer co ventre espido entre as roupas, que forman arredor un espazo redondeado. Pois isto mesmo vémosto inequivocamente nun danzante de Bóveda, con arco de violetas (se supón) que, deste xeito, hai que interpretar como un gallus ou archigallus, imitando ó deus na festividade Megalesia ou Attideia.



Figs. 49-50.- A vestimenta do deus Attis adulto (Musée des Antiquités Nationales, Saint-Germain-en-Laye), cunha especie de túnica de dous corpos que chega ata os xeonllos, parece verse refrexada nun dos danzantes (gallus ou archigallus) de Santalla de Bóveda con arco de violetas. Fotos: Erias.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO FREIJEIRO, Antonio (1977): «El Panteón Romano de *Lucus Augusti*». *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo*. Lugo.
- BLANCO-ROTEA, Rebeca e outros (2009): «Evolución constructiva de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo, Galicia)». *Arqueología de la Arquitectura*, 6, enero-diciembre 2009, págs. 149-198.
- BLÁZQUEZ, José María & GARCÍA-GELABERT, M.^a Paz (1990): «Las sectas religiosas en el Imperio romano». En: *Historia* 16, n.º 169, 1990, 139-144.
- BRAÑAS, Rosa (2011): «De penes, risas y meigallos. Apuntes sobre la fascinación en la Antigüedad». Disponible en liña: <<http://sabichon.blogspot.com.es/>>
- CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (2011): «O rodicio do tempo: un falo castrexo». *GaliciaHoxe.com*. Disponible en liña: <http://www.galiciahoxe.com/opinion/gh/un-falo-castrexo/idEdicion-2011-04-16/idNoticia-659935/>
- (2013): «Un curioso falo castrexo», Facebook, 29-III-2013
- CUMONT, F. in Pauly-Wissowa, *Real-Encycl. der class. Altertumswiss.*, III, col. 1484 seg. e II, col. 2249.
- ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo (2014): *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago*. Xunta de Galicia y Briga Edicións, Santiago y Betanzos.
- FERNÁNDEZ DE LA VEGA, C. (1971): «Santa Eulalia de Bóveda, un enigma histórico». *Lugo*, VII.
- FRAZER, James George (1890/1998): *La rama dorada: Magia y religión*. Fondo de Cultura Económica...
- GUILLÉN, José (1983): *Epigramas de Marco Valerio Marcial. Segunda edición. Texto, introducción y notas de José Guillén. Revisión de Fidel Argudo*. Institución Fernando el Católico (CSIC). Diputación de Zaragoza, Zaragoza.
- (1985): *Vrbs Roma: Vida y costumbres de los romanos, III, Religión y ejército*. Ediciones Sígueme, Salamanca.
- GRAILLOT, H. (1912): *Le Culte de Cybèle, mère des dieux, à Rome et dans l'empire romain*. 107^e fascicule de la Bibliothèque des Écoles françaises d'Athènes et de Rome. Fontemoing et C^{ie}, Paris.
- LACTANCIO, Lucio Cecilio Firmiano (1990): *Instituciones divinas; introducción, traducción y notas de E. Sánchez Salor*. Gredos, Madrid.
- LE ROUX, Pierre (1977), «LUCUS Augusti, capitale administrative au Haut Empire», *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo*. Lugo, págs. 83 ss.
- MANN, Golo e HEUSS, Alfred (dir.): *Historia Universal*. Espasa-Calpe, Madrid.
- MONTEAGUDO GARCÍA, Luis (1990): «Castro de Elviña (La Coruña): 1ª campaña de excavaciones». *Anuario Brigantino*.
- MONTENEGRO RÚA, Enrique Jorge (2005): El descubrimiento y las actuaciones arqueológicas en Santa Eulalia de Bóveda: Estudio historiográfico y documental de los avatares de un Bien de Interés Cultural. Concello de Lugo.
- PROPERCIO, Sexto Aurelio (1963): *Elegías; edición, traducción y notas de Antonio Tovar y María T. Belfiore Mártire*. Alma Máter, Barcelona.
- PRUDENCIO, Aurelio Clemente (1997): *Obras; introducción, traducción y notas de Luis Rivero García*. Gredos, Madrid.
- RIEGER, Anna-Katharina (2004): *Heiligtümer in Ostia*. Hardcover.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio (1992): «Culto a las aguas y divinidades orientales en el Lugo romano: los posibles santuarios de San Roque y Bóveda». *Espacio, Tiempo y Forma, Serie II, Hª Antigua*, t. V, págs. 309-336.
- RUIZ SÁNCHEZ, Marcos (1996): *Confectum carmine: en torno a la poesía de Cátulo, II parte, mito y experiencia personal*. Universidad de Murcia.
- SCHLUNK, Helmut (1935): «Santa Eulalia de Bóveda», *Adolph Goldschmidt zu seinem siebenzigsten Geburtstag am 15. Januar 1933 dargebracht vol allen seinen Schülern, die in den Jahren 1922-1933 bei ihm gehört und promoviert haben*. [Umschlagt.:] Das siebente Jahrzent, pp. 1-13, Berlin.
- SESTON, W. (1985): «La decadencia del Imperio Romano de Occidente. Las invasiones bárbaras», en Golo Mann e Alfred Heuss (dir.): *Historia Universal*. Espasa-Calpe, Madrid.
- TALAVERA ESTESO, Francisco J. (2004): «La figura de Cibeles en la mitografía latina de Varrón a Isidoro de Sevilla». *Revista de Estudios Latinos (RELat)* 4, 2004, 125-151.
- TERTULIANO (1997): *El Apologético: Introducción, traducción y notas de Julio Andiñ Marán*. Biblioteca de Patrística. Editorial Ciudad Nueva, Madrid-Buenos Aires-Santafé de Bogotá Montevideo-Santiago.
- VIDAL CAEIRO, Lorena (2004): «La cuestión del agua en Santa Eulalia de Bóveda». *Gallaecia*, nº 23.
- WILD, R. A. (1981): *Water in the cultic worship of Isis and Serapis*. Leiden (EPRO).

AGRADECIMIENTO

Rafael Seoane, M^a Teresa Amado, Clodio González, Concepción de Barrena-Sarobe, Felipe Erias, José M^a Veiga...